

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 7 DE XULLO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 7 de xullo de 2014.

HORA DE COMEZO: 13:40 h.

HORA DE REMATE: 14:25 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D. Bernardino Faro Lagoa, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D^a Berta Pérez Hernández, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 14 DE MAIO E 4 DE XUÑO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, deixar sobre a mesa, pendentes de mellor estudo, os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 14 de maio e 4 de xuño de 2014.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

2º.- SOLICITUDES DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA COA INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS

2.A) AUTORIZACIÓNS CONCEDIDAS EN ZONAS DE DOMINIO PÚBLICO DE CANGAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar as solicitudes de ocupación de vía pública con mesas e cadeiras (terrazas), que a continuación se citan, debendo os/as solicitantes ingresar nas arcas municipais o importe das taxas da concesión outorgada.

Así mesmo, todas as concesións supeditaránse á condición obrigatoria de delimitación dos espazos das terrazas (con xardineiras), de xeito que queden todas homoxéneas.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR JESÚS MANUEL PÉREZ ALONSO, con DNI nº 36.069.949-S, con enderezo en Rúa Xoan de Cangas, nº 1-baixo-Cangas, para a ocupación de 4,00 m²., con coches de pedais no referido lugar, durante a tempada de verán do ano que andamos.

CONDICIÓN

A) O ben de dominio público que se autoriza segundo o plano presentado destinarase única e exclusivamente a ocupación mediante mesas e cadeiras, podendo a súa vez destinarse a ocupación delas con produtos propios da hostelería destinadas ó consumo das persoas. Prohíbese calquera outro destino.

B) O réxime económico ó que se suxeite a autorización é o pago da taxa correspondente, que deberá facerse no prazo establecido pola normativa tributaria.

C) O beneficiario da autorización asumirá tódolos gastos de conservación e mantemento, impostos, taxas e demais tributos, así como, a obriga de entregalo no mesmo estado en que se recibe.

D) A responsabilidade derivada da ocupación do ben será asumida integramente polo beneficiario da autorización.

E) A aceptación polo beneficiario da autorización da revogación unilateral, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público nos supostos do artigo 92.4 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

F) O Concello de Cangas, poderá en calquera momento inspeccionar o ben obxecto de autorización para garantir que este é usado de acordo cos termos da autorización.

G) O prazo polo que se outorga a autorización será do 1 de xuño ó 30 de setembro do 2014, agás o indicado no acordo.

H) Calquera cesión que se realiza ou negocio similar require previa autorización municipal.

I) As causas de extinción serán as previstas no artigo 92.4 e 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas, así como, as establecidas no artigo 10 do prego de condicións que rexe a autorización de ocupación do dominio público local de Cangas para o ano 2014.

J) Prohíbese expresamente a utilización de todo tipo de infraestruturas.

K) Non no previsto no acto de autorización, rexeirá o disposto no prego de condicións ó que se refire o apartado anterior, así como, a Lei de patrimonio das administracións públicas, Regulamento de bens das corporacións locais, e demais normativa aplicable.

L) En caso de instalar parasois, deberanse suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento mediante anclaxes ou similares. Tanto o voo coma o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasois unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar ós peóns.

2.B.1) RECTIFICACIÓN DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Visto que na Xunta de Goberno Local do día 7.5.14 se concedeu autorización para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras nunha superficie de 24,00 m2., á propietaria de establecemento hosteleiro, M^a DEL PILAR RÍOS DEL RÍO (BAR "OS TONELES") en rúa Pablo Iglesias, nº 12-Cangas, e por superar esta superficie a fachada do referido local, e así mesmo, por contradecir o indicado no artigo 12.2 do Regulamento da instalación de terrazas na vía pública do Concello de Cangas, que indica: *"...Nas beirarrúas/rúas de ancho igual ou superior a 3,00 e inferior a 4,50 metros, a instalación da terraza realizarase nunha soa fileira apegada á liña da fachada do establecemento a cuxo servizo se destinan, sen superala en lonxitude e deixarase expedito acceso ás vivendas e locais comerciais colindantes."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 7.5.14, e polo tanto conceder autorización municipal a M^a DEL PILAR RÍOS DEL RÍO (BAR "OS TONELES"), DNI nº 35.276.189-P, con enderezo en rúa Pablo Iglesias, nº 12-Cangas, para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras, nunha superficie de 12,00 m2., na fachada do seu local, durante o período que vai desde o mes de maio ao mes de setembro do ano que andamos (ambos inclusive).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo á interesada e aos departamentos de Policía Local e Xestión de Ingresos.

2.B.2) RECTIFICACIÓN DE ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL S/AUTORIZACIÓN DE OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Visto que na Xunta de Goberno Local do día 7.5.14 se concedeu autorización para a ocupación de vía pública con mesas e cadeiras nunha superficie de 12,00 m2., ao propietario de establecemento hosteleiro, MIGUEL ANGEL POUSA VALLADARES (CAFÉ-BAR "VALLADARES"), con DNI nº 36.008.914-E, sito en Rúa San Cibrán, nº 14-Aldán.

Visto, así mesmo, a solicitude do interesado presentada o día 2.7.14, na que reclama a revisión da concesión de autorización da superficie a ocupar con mesas e cadeiras, por ter solicitado unicamente 6,00 m2., de superficie de ocupación.

Visto, o informe emitido o día 2.7.14 polo inspector de Xestión de Ingresos, no que indica que a superficie ocupada nese día é de 6,00 m2.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local do día 7.5.14, e polo tanto conceder autorización municipal a MIGUEL ANGEL POUSA VALLADARES (CAFÉ-BAR "VALLADARES"), con DNI nº 36.008.914-E, con enderezo en Rúa San Cibrán, nº 14-Aldán, **para a ocupación de 6,00 m2. con mesas e cadeiras no referido lugar**, durante toda a tempada de verán do ano que andamos.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Xestión de Ingresos.

2.C) SOLICITUDES DE INSTALACIÓN DE MESAS E CADEIRAS CON DEFICIENCIAS A SUBSANAR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Conceder, ós solicitantes que se relacionan de seguido, un prazo improrrogable de DEZ DÍAS hábiles, a partir do día seguinte á notificación do presente acordo, para que presenten a documentación pertinente e que se indica a continuación. Se transcorrido o prazo de dez días non subsanan ditas deficiencias, entenderase desistido previa resolución expresa da súa solicitude conforme co artigo 71 da Lei 30/1992.

1.- SOLICITUDE PRESENTADA POR SHEILA GARCÍA VILAS, DNI nº 36.164.415-C, con enderezo na Avda. Castelao, nº 3-Cangas, para a ocupación de 8,00 m2., con mesas e cadeiras (xeladería), durante a tempada de verán, no referido lugar. A instalación con mesas e cadeiras deberase arrimar á baranda, para non obstaculizar o paso de peóns na zona. FALTAN OS DOCUMENTOS DE ORAL E LICENZA DE APERTURA A NOME DA SOLICITANTE.

URBANISMO E VIVENDA

3º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 3 DE XULLO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

Este punto foi retirado da orde do día.

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 25.002.- Tomás Hernández Nores, ceramento nas Barreiras-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.013.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS A GUARDIA 6, para cambio material cubrición en Rúa A Guardia, nº 6-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.026.- Maria Jesús Senín Vigo, reparacións interiores e exteriores para farmacia na Avda. da Coruña, nº 10-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.040.- Miguel Villanueva Lontreira, acondicionamento de rasante en Camiño Vello de San Roque, nº 78-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.053.- COMUNIDADE PROPIETARIOS AS PEDRIÑAS, para limpeza e pintado de fachadas en Piñeiro, nº 9-Aldán.

5º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

5.A) EXPEDIENTE SANCIONADOR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 27/2012

Dase conta de proposta do instrutor do expediente do día 30.6.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 27/2012, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 27/2012

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de abril do 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de José Luis Videira López e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Pinténs-O

Hío, obras consistentes en instalación dunha carpa de lona con estrutura metálica a menos de 4,00 metros do eixo do camiño sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 11 de xuño do 2014, presenta escrito de alegacións indicando que:

A obra non é unha edificación senon unha instalación facilmente desmontable, polo que, debe de considerarse infracción leve.

Que a sanción esta prescrita ó pasar mais de dous anos desde o inicio do expediente.

En canto a alegación de que a infracción debe considerarse leve cumpre indicar que o técnico municipal en data 12 de xuño do 2014, informa que se considera a instalación desmontable obxecto do presente expediente con tipificación leve.

En relacion á prescrición da sanción cómpre indicarlle que o expediente foi incoado en data 21 de maio do 2012 e o acordo da Xunta de Goberno Local é de data 21 de abril do 2014 o que quere decir que non transcorreron os dous anos para a prescrición.

Por todo o exposto RESOLVO:

** Estimar parcialmente as alegacións presentadas conta o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de abril do 2014, no relativo á tipificación da infracción confirmando en todo o demais o acordo recorrido.*

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve, segundo o determina o artigo 217.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que José Luis Videira López, na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de Disciplina Urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 1.250 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a José Luis Videira López, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) (unha vez reducido o 80 por cento) por infracción ó ter cometido obras no lugar de Pinténs-O Hío, consistentes en realizar en instalación dunha carpa de lona con estrutura metálica a menos de 4,00 metros do eixo do camiño.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 27/2012.

5.B) EXPEDIENTE SANCIONADOR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 110/2006

Dase conta de proposta do instrutor do expediente do día 27.6.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 110/2006, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 110/2006

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de decembro do 2010 a Roberto Carlos Martínez Sotelo, resulta que:

PRIMEIRO.- Tramitado expediente sancionador a Roberto Carlos Martínez Sotelo por efectuar no lugar de Erbello-Aldán, obras consistentes en escavación con cambio de rasante de todo o perímetro da parcela arrimada ó lindeiro sen respectar o recuado de 5,00 metros, este finalizou mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de abril de 2011 impoñendo unha sanción de 6.001 euros ao infractor.

Fronte a dito acordo interpúxose recurso de revisión que foi inadmitido por acordo da Xunta de Goberno lcoal do día 27 de abril de 2011.

SEGUNDO. A sanción impúxose baseándose no carácter de ilegalizables das obras segundo informe obrante no expediente de restauración da legalidade urbanística do

aparellador municipal de data 17 de outubro de 2006, no que considera a tipifica como tal.

TERCEIRO.- O día 16 de agosto de 2011, Roberto Carlos Martínez Sotelo presenta un recurso solicitando que se deixe sen efecto o expediente sancionador ou ben que a infracción sexa tipificada como legalizable

CUARTO.- O día 26 de maio de 2014, o inspector de obras informa que: 'Presentado no lugar, compróbase que foi reposta a legalidade urbanística en relación co expediente de infracción de obras nº 110/06'.

QUINTO.- O día 11 de xuño de 2014, Roberto Carlos Martínez Sotelo, presenta un novo escrito solicitando que se revise a sanción imposta e se consideren as obras como legalizables.

SEXTO.- O día 12 de xuño do 2014, o técnico municipal informa que as obras obxecto do presente expediente están tipificadas como LEVES.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición formulado o 16 de agosto de 2011, e revogar a sanción imposta por acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de abril de 2011, a ROBERTO CARLOS MARTÍNEZ SOTELO, pola que se lle impoñía unha sanción de 6.001 €, baseándose en que se trataba dunha infracción grave deixándoa sen efecto, xa que, visto o informe do día 12 de xuño de 2014 do arquitecto municipal, as obras obxecto do presente expediente deben ser tipificadas como LEVES.

SEGUNDO.- Impoñer a José Carlos Martínez Sotelo, na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS (250,00 €) (unha vez reducida a sanción nun 80 por cento) por infracción Ó ter cometido obras no lugar de Erbello-Aldán, consistentes en realizar escavación con cambio de rasante de todo o perímetro da parcela arrimada ó lindeiro sen respectar o recuado de 5 metros, visto que estas están tipificadas como leves polo arquitecto e que, segundo o informe da inspección do día 26 de maio de 2014.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 110/2006.

5.C) EXPEDIENTE SANCIONADOR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 59/2009

Dase conta de proposta do instrutor do expediente do día 2.7.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 59/2009, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 59/2009

PROPOSTA DE SANCION PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de 'ORANGE ESPAGNE, SAU' (antes 'FRANCE TELECOM, SAU'), e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Liméns-O Hío, obras consistentes en instalación de unha estación base de telecomunicacións, sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o día 17 de xuño de 2014, rexistro de entrada nº 7274, Diego M. López Gutiérrez, en representación de 'ORANGE ESPAGNE, SAU' (antes 'FRANCE TELECOM, SAU'), presenta escrito de alegacións formuladas fóra do prazo conferido para o efecto, polo que estas deben ser inadmitidas por extemporáneas, sen entrar no fondo do asunto. O prazo para presentar ditas alegacións finalizou o pasado 7 de xuño de 2014. O arquitecto municipal no informe que consta no expediente sinala que: as obras son ilegaliabes por seren incompatibles coas determinación urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas e na Ordenanza municipal de instalacións de telecomunicacións, tipificadas como graves.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que 'ORANGE ESPAGNE, SAU' (antes 'FRANCE TELECOM, SAU'), na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á

gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, proponho á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Impoñer a 'ORANGE ESPAGNE, SAU' (antes 'FRANCE TELECOM, SAU'), na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de SEIS MIL UN EUROS (6001,00 €) por infracción, ao ter cometido obras de instalación de unha estación base de telecomunicacións no lugar de Liméns-O Hío.*

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 59/2009.

SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER

6º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/RESOLUCIÓN DE VARIACIÓNS DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

6.A) PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/BAIXA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 7.7.14, relativa a baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),

Con relación ao expediente 76833671D-VI0000032904 de Ángela D. F., beneficiaria do Servizo Municipal de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia.

** Proponse a baixa de dito servizo polo falecemento da usuaria."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

6.B) PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/BAIXA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, do día 7.7.14, relativa a baixas do Servizo Municipal de Axuda no Fogar, que di:

"Estanislao Graña García xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social do Itmo. Concello de Cangas de Morrazo (Pontevedra),

Con relación ao expediente 36008/01/002658 de José J. M., beneficiario do Servizo Municipal de Axuda no Fogar a través da quenda de libre concorrência.

** Proponse a baixa de dito servizo por traslado do usuario a partir do 8 de xullo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

EDUCACIÓN, CULTURA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

7º.- DACIÓN DE CONTA DE SINATURA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE CANGAS S/CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE CANGAS

Examinado o convenio asinado o día 20 de xuño do 2014 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, referente a restauración do Patrimonio Histórico-Artístico de Cangas, para promover a restauración pola Escola de Canteiros, do calvario sito nas proximidades da Casa Rectoral de Coiro (Cangas).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento do convenio asinado entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Cangas, para promover a restauración pola Escola de Canteiros, do calvario sito nas proximidades da Casa Rectoral de Coiro (Cangas).

SEGUNDO.- Dar traslado de copia do convenio de referencia ós departamentos de Urbanismo e Intervención.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

8º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN VARIAS

8.A) INFORME DA POLICÍA LOCAL S/SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN EN SOUTO-SAN PEDRO-SOUTO

Examinada a solicitude presentada o día 26.6.14 por JUAN TENORIO GONZÁLEZ, con enderezo en Souto, nº 11-San Pedro-Darbo, na que reclama sinalización de prohibido estacionar e de limitación de altura no lugar de Souto, porque os vehículos altos danan a estrutura da súa vivenda.

Visto o informe emitido o día 27.6.14 pola Policía Local, referente a sinalización no lugar de Souto en San Pedro-Darbo, que di o seguinte:

"Nº Rex. 1258/14

ASUNTO: SOBRE SINALIZACIÓN EN SAN PEDRO-SOUTO

Os Policias Locais de Cangas, con NIP 052023 e A052033, por medio do presente, informan:

Que na tarde do día 27 de xuño de 2014, a instancia de JUAN TENORIO GONZÁLEZ, veciño de San Pedro, Souto, nº 11, achegáronse ata o referido enderezo para comprobar a problemática que estase a crear pola presenza de vehículos estacionados fronte ao enderezo do solicitante, xa que segundo denuncia, cando aparcan enfrente os vehículos que circulan teñen que arrimarse ao cerre da súa propiedade, e cando os vehículos que circulan, por exemplo, son camiós, chegan a bater co tellado da entrada da súa propiedade.

Que á vista de dita circunstancia, consideran que o máis axeitado para evitar dita molestia, sería prohibir o estacionamento fronte ao número 11 de San Pedro-Souto, na subida da rúa, e para tal feito, habería que colocar sinalización horizontal (un raiado amarelo), así como, sinalización vertical (que prohiba o estacionamento R-308), tendo en conta ademais da proximidade dun cruzamento, que fai máis necesario que se prohiba na súa proximidade."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Que polos servizos municipais do Concello de Cangas, se proceda a realizar as sinalizacións indicadas no informe da Policía Local transcrito anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo ao interesado e aos departamentos de Policía Local e Oficina Técnica Municipal.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

9º.- INFORMES S/SOLICITUDES DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Visto o informe emitido o día 20.6.14 pola secretaria xeral do Concello de Cangas, referente a devolución de garantías, que di o seguinte:

"D^a BERTA ALONSO SOTO, SECRETARIA XERAL DO ILTMO. CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)

Solicitado informe a esta secretaría sobre a posibilidade de proceder á devolución de garantía constituída por 'A Carón, Sociedade Cooperativa Galega', mediante aval bancario coa entidade 'Novacaixagalicia', por importe de seis mil seiscentos noventa e un euros con vinte céntimos (6.691,20 €) no expediente de contratación da xestión do servizo público de axuda no fogar asinado o día 31 de xaneiro de 2012.

INFORMO:

Visto o disposto na cláusula 37 in fine do prego de cláusulas administrativas que rexon o contrato, que literalmente di: "A garantía definitiva devolveráselle ao/a contratista ao termo do contrato, unha vez acreditado o seu cumprimento mediante o expediente administrativo correspondente."

Visto que o contrato con 'A Carón, Sociedade Cooperativa Galega', finalizou o día 30 de abril de 2014.

A xuízo desta secretaría, procede incorporar ao expediente informe do director do Centro Municipal de Benestar Social que verifique a execución do mencionado contrato, de forma que, se no informe se determina que se non observan deficiencias na execución do contrato, o contratista poderá quedar relevado de toda responsabilidade e procederase á devolución ou cancelación da garantía."

Así mesmo, dase conta de informe emitido o día 23.6.14 polo director do Centro Municipal de Benestar Social, que di o seguinte:

"D. Estanislao Grana García, Director do Centro Municipal de Benestar Social do Ilmo. Concello de Cangas (Pontevedra)

Informa: que 'A Carón, Sociedade Cooperativa Galega', realizou o Servizo Público de Axuda no fogar no Concello de Cangas, mediante contrato asinado o día 31 de xaneiro de 2012, ata o 30 de abril de 2014, incluíndo o servizo de axuda no fogar para persoas dependentes e o servizo de axuda no fogar para persoas de libre concorrencia."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables transcritos anteriormente, acorda aprobar a solicitude de devolución de garantías ao seguinte solicitante:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBXECTO
A CARÓN, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	GARANTÍA	6.691,20 €	XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE CANGAS

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE CECILIA REGUEIRA S/OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA

Vista a solicitude de CECILIA REGUEIRA, con enderezo na Avda. Pasaje, nº 43-A Coruña, na que demanda autorización municipal para ocupación de vía pública ao lado do local que rexenta denominado "R" sito na Avda. de Bueu, para realizar publicidade da súa tenda.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude formulada pola Sra. Regueira da empresa "R", para ocupación de vía pública, por non ter a vía en cuestión o ancho suficiente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente